



13 FEB. 2017

Entrada nº: 737

Saída nº: .....

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa o fomento e promoción do turismo no noso concello:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As nosas praias a serra e os distintos lugares relevantes do concello son visitados o longo do ano por miles de forasteros convertíndose nos mellores embaixadores do noso pobo.

Os anteriores gobernos do partido popular deste concello sempre mostraron unha importancia especial por todo o relacionado co fomento de turismo. Asistindo a ferías, eventos turísticos, mantendo mellorando e poñendo en valor todo o que atrae visitantes e riqueza o noso pobo, conservando o que xa é bonito e recuperando outras cousas que estaban esquecidas.

Fomentáronse ferías gastronómicas e tradicionais, potenciando festas e eventos culturais e deportivos para gozo e disfrute dos noso veciños e de todos aqueles que nos visitan, e de este xeito incrementar unha importante fonte de ingresos para todo o pobo.

A Pobra do Caramiñal

Co devenir do tempo nesta lexislatura observamos que as actuacións de este equipo de goberno esta lonxe deste obxectivo como o demostra entre outras

- A perda das bandeiras azuis nos nosos areas como garantía de calidade medioambiental, limpeza e seguridade.
- O estado de mantemento e conservación dos distintos paseos costeiros con barandas e pasarelas rotas, con verdin e maleza.
- A casa mariñeira con vexetación no tellado e canos de recollida de auga a punto de caer.
- Mantemento, recuperación e conservación de distintos cruceiros, como o de Abuín.
- A Ponte das Taras, e o seu entorno, eta.
- A falta de implicación coas nosas festas tradicionais, e mais concretamente a Festa do Nazareno.


A Pobra do Caramiñal

Por todo o exposto, o grupo municipal do PARTIDO POPULAR propón ao concello pleno a adopción do seguinte acordo:

3

- Que desde o concello se leven a cabo as actuacións necesarias encamiñadas a recuperar e manter todos os bens da de propiedade municipal, tanto históricos, etnográficos, arqueolóxicos, culturais e turísticos para recuperar a imaxen de pobo turístico, bonito e limpo que nos caracterizaba.
- Dispor do persoal necesario para manter aberto o público o Museo Valle Inclán garantindo a seu normal funcionamento.
- Dispor do persoal necesario para que a oficina de turismo abra no solo en verán senón tamén en outras fechas sinaladas como Semana Santa e Nadal.

Pobra 11 de febreiro de 2016



Manuel Mª Durán Guillán  
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**